Nº 36
14/03/2018

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Serra do Careón

Concellos: Melide, Santiso e Toques

Características: É un sistema montañosa caracterizado por pretentar cúmios aplanados de baixa altitude e pendentes suaves coma resultado da súa antigüidade.

Curiosidades: Cabe destacala presenza de rochas ultrabásicas, que confiren á vexetación un valor especial pola existencia de especies autóctonas.

Noticias

Falece Stephen Hawking aos 76 anos

Morre Stephen Hawking, xenio da astrofísica moderna e científico preocupado polo medio ambiente.

A mediados do ano pasado, criticou a decisión do presidente de EEUU de retirarse do Acordo de París. O físico advertiu que as accións do presidente poderían converter á Terra nun planeta tan hostil como Venus, que era moi parecido á Terra fai 4.000 millóns de anos: era habitable, con auga na súa superficie e temperaturas suaves. Con todo, unha acumulación de gases de efecto invernadoiro na atmosfera converteuno no que é actualmente. "A próxima vez que coñezas a un negacionista do cambio climático, dilles que fagan unha viaxe a Venus. Eu págolles a tarifa", afirmou ironicamente o científico.

Fonte: Sputniknews

A pegada negra da tecnoloxía

Os móbiles, os servizos dixitais e toda a industria tecnolóxica causan un dano constante ao medio ambiente. A nivel mundial, en 2014 estimábase que se producían 41,8 millóns de toneladas de lixo electrónico, e só unha parte recíclase.

Un teléfono de 80gr emprega 44,4kg de recursos naturais para fabricarse e funcionar. A maior parte desta "mochila ecolóxica" pertence á extracción de materias primas e aos compostos empregados na súa produción: para un computador necesítanse 240kg de combustible, 22kg de produtos químicos e 1.500 litros de auga.

Fonte: El País

Purificador de aire xigante en China

China fabrica un prototipo de cheminea de formigón de 60 metros de altura co obxectivo de limpar o aire. A cheminea álzase entre un mar de edificios de gran altura en Xian, unha das cidades máis contaminadas de China.

A cheminea de formigón atópase encima dunha gran estrutura aberta con teito de vidro. A radiación solar que golpea o vidro quenta o aire e fai que se eleve cara á base da torre. Logo, o aire pasa a través dunha parede de filtros industriais antes de inchar a cheminea. O sistema está inspirado en plantas de enerxía renovable que xeran electricidade a partir da calor solar, trátase dunha tecnoloxía coñecida como corrente ascendente solar.

Pero algún científico pregúntase si os beneficios valerán a pena polo dano ambiental causado pola construción e operación de tales instalacións.

Fonte: Ecoticias

Un océano de plástico

Un mergullador afeccionado filma, na illa de Bali, a contaminación plástica que sofren os océanos.

Os científicos calculan que en 2010 acabaron no océano unha media de oito toneladas de residuos plásticos, ao redor do 3% do total de plástico do mundo. Unha cifra que, segundo calculan, duplicarase no ano 2020.

Fonte: Muy Interesante

Reforestación da Rede Natura 2000

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio integrará unha nova medida no programa de Desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, para fomentar a reforestación de zonas Rede Natura 2000 con exemplares de carballos e bidueiros. O que se pretende con esta medida é compensar a aqueles propietarios que asuman o compromiso de retirar as súas plantacións co obxectivo de mellorar estes espazos protexidos.

A Xunta xestionará un orzamento de case dous millóns de euros para a posta en marcha destas medidas de conservación do patrimonio natural de Galicia, que xa se poderán solicitar neste mes de marzo, tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e da que se beneficiarán preto de 3.000 persoas. Os propietarios poderán substituír plantación de eucaliptos por frondosas, coa finalidade de aumentar a superficie dos bosques autóctonos. Esta medida está dirixida a todas as zonas I (territorios cun nivel de conservación moi alto) e II (territorios cun nivel de conservación alto e medio) da Rede Natura 2000 das áreas de montaña.

Fonte: Xunta

Sabías que...

160.000 bolsas de plástico gástanse cada segundo? Por datos como ese, hai unha semana iniciouse a campaña #DesnudaLaFruta que pretende concienciar sobre o exceso de empaquetados que existe en froitas e verduras. Así, a xente empezou a subir fotos ás redes sociais do que atopaba nos supermercados: como unha soa cebola empaquetada con filme e poliespan ou kiwis xa cortados en triscos nunha bandexa. O mellor é elixir a venda a granel e usar bolsas de tea reutilizables para pesar a froita e verdura, non é necesario xerar ningún residuo con estas compras.

Boas Prácticas

Proxecto Life para recuperar á aguia de Bonelli

O Grupo de Rehabilitación da Fauna Autóctona e o seu Hábitat (GREFA) presenta o proxecto AQUILA a-LIFE, que conta co apoio da Unión Europea para contribuír á recuperación no Mediterráneo occidental da aguia de Bonelli (Aquila fasciata), unha das aves rapaces máis ameazadas de Europa.

O proxecto AQUILA a-LIFE, que estará operativo ata 2022, contempla a liberación de exemplares a partir desta primavera en zonas do centro e o norte de España, nas que a poboación de aguia de Bonelli é moi precaria, así como na illa italiana de Sardeña, onde actualmente non vive a especie.

Abordaranse tamén as principais ameazas actuais para a aguia de Bonelli, con especial dedicación a previr e reducir as electrocucións en tendidos eléctricos de deseños perigosos para as aves.

Fonte: ABC

O primeiro hotel do mundo que xera máis enerxía da que consome

En 2021 abrirase o primeiro hotel do mundo que xerará máis enerxía de consumirá. Chamarase *Svart*, e estará en Noruega. O seu teito estará recuberto de placas solares, o que lle permitirá aforrar ata un 85% da enerxía; as súas habitacións, restaurantes e terrazas estarán estratexicamente situadas para aproveitar a luz do día; utilizará pozos xeotérmicos para quentar o edificio, reducindo así o consumo total de enerxía.

Fonte: El País

Unha plantación de árbores en Froxán competirá nun certame mundial

O bosque lousamiano de Froxán -que foi distinguido pola ONU- non deixa de acaparar a atención internacional, despois de que un proxecto de conservación ambiental sexa un dos 14 seleccionados, de entre outros 150, para participar nun concurso mundial organizado pola *European Outdoor Conservation Association*. Trátase dun certame cuxas votacións se recollen na Rede e que, de resultar gañadora a proposta barbancesa, obtería 30.000€ para investir na plantación de 10.000 árbores autóctonas.

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- 14/03/2018 – 16/03/2018 Curso Infraestructura Verde e Xestión da Biodiversidade en Contornas Urbanas. Oleiros.
- 16/03/2018 – 18/03/2018 Festival Humus Revolution 2018. Madrid.
- 20/03/2018 Climate & Water Summit. Madrid.
- 21/03/2018 Dia Internacional dos Bosques.
- Ata 31/03/2018 Concurso de Vídeos <I LIVE GREEN>.